

Faladoiro sobre adestramento canino no Centro Cultural de Vincios.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 14 Setembro 2015 19:53



A especialista Carolina González Rodal desenvolverá unha charla-coloquio sobre educación e adestramento canino.

A mesma terá lugar o vindeiro sábado 19 de setembro ás 16 horas no Centro Cultural de Vincios (Piñeiro s/n Vincios – Gondomar).

Entre os temas a tratar salientan a orixe dos cans, tipos, razas e as súas características. Haberá atención ao tema da linguaxe, o comportamento, cuidados, alimentación e normativas vixentes.

A conferenciante, Carolina Gonzalez Rodal, é adestradora co certificado de capacitación para o adestramento da Xunta de Galicia n ° 24.
Entrada de balde.